


Plano de ruta



Lenda:

- Ségueme
- Párate e observa
- Para saber máis
- Colle un folleto

Persoas Participantes:

- **Marta Sixto San José.** Idea e desenvolvemento do proxecto.
- **José Pardo Vázquez.** Fotografía e desenvolvemento.
- **Beatriz Antón Viscasillas.** Autora das testemuñas.
- **Artes Gráficas IES Leixa.** Deseño, maquetación e impresión do proxecto. Organización da exposición no Centro Cultural Carvalho Calero.
- **María del Mar Sobrín Sueiras.** Colaboradora na proposta didáctica e realización do proxecto.
- **Laura Adela Fernández Blanco.** Coordinadora do equipo de traballo que elaborou a proposta didáctica e o libro LIM adxunto:

Flavia Núñez Fernández, Cintia Castro Vázquez, María Amalia Fontes Rey, Eliseo Lorenzo García, Paula Permuy Damota, Laura María Río Hortas, Rocío Fernández López, Francisco Javier Fernández Pérez, Álvaro Vázquez Polo, Ana Santaescolástica Piñón

Participan:



Banda Ferrolá de Música



— Iguais. Eu vou ser... —

Educando en igualdade



Xoga con nós. Adiviña quen é que

Ocupación	Foto número
Persoa que adestra a un equipo masculino de baloncesto.	
Persoa que axuda a que nazan os bebés.	
Persoa que fai bolillos.	
Persoa que baila.	
Persoa que traballa na casa.	
Persoa que comparte as tarefas domésticas.	
Persoa que coida ás persoas maiores.	
Persoa que xoga ao fútbol.	
Persoa Militar.	
Persoa que fai traballos de fontanería.	
Persoa que conduce un autobús.	
Persoa Policía.	

PROXECTO "IGUAIS"

Convencidos de que o futuro depende dos nosos nenos e nenas e conscientes da importancia de educalos na igualdade e no respecto, xurdiu a idea de levar adiante un proxecto encamiñado a loitar contra os estereotipos cos que, tristemente, a día de hoxe aínda convivimos. Un proxecto que reflicta que as capacidades e as competencias son una cuestión individual, de cada persoa, e non algo que nos veña imposto polo noso sexo. Queremos que os nosos nenos e nenas vexan que poden ser o que cada quen decida, en función das súas preferencias e habilidades.

OBXECTIVOS

Respecto do alumnado:

Favorecer no alumnado a construción dunha identidade non sexista e non violenta promovendo a adquisición de recursos persoais que fomenten as relacións igualitarias.

Interiorizar valores como a tolerancia e o respecto na construción persoal do alumnado, como medida para previr actitudes sexistas que fomenten ou perpetúen a violencia de xénero.

Educar a intelixencia emocional e social co fin de establecer relacións baseadas na empatía, o diálogo, a negociación, cooperación e resolución de conflitos dun xeito construtivo.

Promover o desenvolvemento da capacidade de iniciativa e pensamento crítico.

Respecto do profesorado:

Fomentar a participación do profesorado na coordinación, preparación, difusión e execución da actividade.

Fomentar a participación da comunidade educativa no programa.

Xerar conciencia crítica respecto á relación entre sexismo e a violencia de xénero.

Respecto das familias:

Implicar no programa ás familias dun xeito activo e sensible á temática coeducativa

Reforzar á familia como modelo de conduta e facilitadores de ambientes respectuosos.

Presentar a importancia do seu papel na adquisición de competencias sociais e emocionais e na integración de valores positivos.